

RESPONSABILIDADE DOS E DAS MENORES (E DOS SEUS PAIS E NAIS) POLOS ACTOS COMETIDOS EN INTERNET

Acosar a outras persoas, intimidalas, discriminalas, expresar unha burla ou publicar contidos sensibles a través de redes sociais e outros servizos de internet pode vulnerar os seus dereitos e ir contra a lei. Pode constituír **unha infracción administrativa e mesmo un delito.**

Pais, nais ou titores legais poden chegar a ter que responder economicamente polas infraccións administrativas e condutas delitivas dos seus fillos e fillas menores de idade, así como polos danos e prexuízos materiais e morais causados.

➤ **Supervisar e poñer límites**

Para evitar estas consecuencias podes axudarte dun software de [control parental](#), pero non te relaxes, na túa man está a mellor supervisión. Aconsellamos acordar cos teus fillos e fillas os [filtros, restricións e tempos.](#)

Quen difunda ilexítimamente **contidos ou información sensible doutras persoas sen o seu consentimento** pode incorrer en distintos tipos de responsabilidades:

➤ **Responsabilidade administrativa**

A publicación sen consentimento de información sensible dunha persoa (imaxes, audios, vídeos ou información de carácter sexual ou violenta que permita identificala) a través de Internet supón unha infracción da normativa de protección de datos que, sen prexuízo de que se denuncie ante o **Canal Prioritario** da Axencia para solicitar a retirada urxente deses contidos, pode rematar nunha sanción económica a quen fixera a publicación ou contribuíse á difusión.

Da sanción económica por infracción á normativa de protección de datos imposta a menores de idade responden solidariamente os seus pais, nais o titores. [Exemplo de procedemento sancionador](#) no que a multa imposta ten que ser pagada polos pais ao tratarse dun menor.

É unha infracción tanto obter os datos ilícitamente (imaxes, vídeos, audios ou outros contidos) como quen, sen consentimento da persoa afectada, os difunde ou publica en Internet.

➤ **Responsabilidade civil**

Os danos e prexuízos materiais e morais causados a terceiros por menores de idade como consecuencia destas condutas (delictivas e non delictivas) dan lugar a responsabilidade civil patrimonial, da que se fan cargo os pais ou titores.

➤ **Responsabilidade penal**

Os menores de idade maiores de 14 anos tamén responden* polos delitos tipificados no Código Penal como o acoso, as ameazas ou a difusión ou o reenvío de imaxes que menoscaben gravemente a intimidade dunha persoa, aínda que se obtivesen co seu permiso, aplicables en casos de sexting, ciberacoso ou cyberbullying.

As medidas nestes casos dependen das súas circunstancias: desenvolvemento evolutivo, antecedentes, etc., e normalmente impónse a realización de servizos en beneficio da comunidade ou tarefas socio-educativas, podendo chegar á liberdade vixiada e mesmo á privación de liberdade (internamento en centros ou estadía de fin de semana).

*Ley Orgánica reguladora de la responsabilidad penal del menor

➤ **Responsabilidade disciplinaria no ámbito educativo**

Estas condutas dan lugar a responsabilidade disciplinaria cando se producen nos centros escolares (acoso, intimidación, humillación, ofensas graves, discriminación ou violencia a outro alumnado ou profesorado realizadas a través de Internet). Pódense impor medidas correctivas que van dende a amonestación verbal ou o apercibimento por escrito á suspensión do dereito de asistencia ao centro ou á expulsión do alumno ou alumna.

